

INTERVENCIÓN E TESOURERÍA	
ASUNTO:	INFORME
EXPEDIENTE:	.- Información periódica ao pleno acerca da execución rexistrada polo orzamento. CUARTO TRIMESTRE 2017. .- Período medio de pago de acordo co previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo. .- Información trimestral de Morosidade.
Informe de Intervención: 17/2018	

1- MARCO NORMATIVO

Nas seguintes disposicións se reflicten as principais normas de aplicación ao asunto informado:

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Orden EHA 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (IMNCL).
- Guía para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda
- Guía para a cumprimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das entidades locais, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

2.- ANTECEDENTES

Dando debido cumprimento do previsto no marco normativo antes citado, así como do acordo plenario de data 26/08/2010, este informe aborda as seguintes cuestións:

- PRIMERO.- Informe ao Pleno acerca do estado de execución do orzamento municipal¹ no período de referencia indicado no encabezamento deste documento².
- SEGUNDO.- Informe sobre:
 - a) Pagos realizados no trimestre.
 - b) Xuros de demora pagados no trimestre.
 - c) Facturas o documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre.
 - d) Detalle do período medio de pago global a provedores e do período medio de pago mensual e acumulado a provedores.

3.- INFORME

3.1.- EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL NO PERÍODO DE REFERENCIA.

Nota.- Os datos contidos neste informe teñen CARÁCTER ACUMULATIVO, de forma que os estados contables incorporados como anexo ao presente Informe comprenden as anotacións rexistradas no período transcorrido entre el 1 de xaneiro do exercicio 2017 e o último día do trimestre indicado.

3.1.1.-Orzamento de Gastos.

A información sobre a execución do orzamento de Gastos do exercicio corrente, engadida ao CD anexo a este informe, presentase a nivel de aplicación orzamentaria, agrupándose estas por programas e indicando, para cada una de elas, a súa consignación inicial, as modificacións orzamentarias tramitadas, consignación definitiva, retencións de crédito, créditos autorizados, créditos comprometidos, obrigas recoñecidas netas e os pagos realizados. Así mesmo, e por diferenzas, faise tamén mención aos saldos de créditos dispoñibles, de créditos comprometidos e de obrigas pendentes de pago³.

- Incidencias a destacar na contabilización dos gastos:

Á data da emisión do presente informe, os gastos de persoal (Capítulo 1) aínda non foran rexistrados no aplicativo contable. Existe no obstante un seguimento extracontable e actualizado do seu importe e imputación orzamentaria, que presenta no seguinte resúmen:

NÓMINAS E SEGURIDADE SOCIAL. Execución a 31/12/2017

(Sen contabilizar)

CAPÍTULO 1. RETRIBUCIÓN NÓMINA

NÓMINAS MES:	OBRIGAS RECOÑEC.	PAGOS REALIZADOS	PAGOS REALIZADOS EXERC PECHADO
Atrasos FAS 2015			492,00
Finiquitos Decembro 2016			2.371,62
Xaneiro 2017	461.691,06	461.691,06	100,00
Febreiro 2017	464.962,22	464.962,22	
Marzo 2017	448.281,59	448.281,59	505,00
Abril 2017	430.024,11	430.024,11	782,00
Maio 2017	438.484,52	438.484,52	
Extra xuño 2017	531.293,79	531.293,79	
Xuño 2017	463.831,25	463.831,25	
Xullo 2017	410.872,65	410.872,65	
Agosto 2017	424.954,98	424.954,98	
Setembro 2017	500.258,51	500.258,51	
Outubro 2017	471.150,26	471.150,26	
Novembro 2017	482.773,53	482.773,53	
Extra decembro 2017	364.788,59	364.788,59	
Decembro 2017	454.249,94	454.249,94	
Total	6.347.617,00	6.347.617,00	4.250,62

CAPÍTULO 1. SEGURIDADE SOCIAL A CARGO DO CONCELLO

SEGURIDADE SOCIAL NÓMINAS DO MES:	OBRIGAS RECOÑEC.	PAGOS REALIZADOS EXERC CORRENTE	PAGOS REALIZADOS EXERC PECHADO
Decembro 2016			137.455,35
Atrasos decembro 2016			35.050,02
Atrasos FAS 2015			185,81
Xaneiro 2017	131.178,84	131.178,84	
Febreiro 2017	133.878,69	133.878,69	
Marzo 2017	128.075,47	128.075,47	
Abril 2017	136.335,00	136.335,00	

Atrasos pagados maio 2017	18.302,74	18.302,74	
Maio 2017	138.704,51	138.704,51	
Xuño 2017	148.008,22	148.008,22	
Xullo 2017	131.019,80	131.019,80	
Agosto 2017	132.333,01	132.333,01	
Setembro 2017	158.582,28	158.582,28	
Outubro 2017	142.872,93	142.872,93	
Novembro 2017	145.903,56	145.903,56	
Decembro 2017	138.577,47		
Total	1.683.772,52	1.545.195,05	172.691,18

TOTAL CAPÍT. 1	8.031.389,52	7.892.812,05	176.941,80
-----------------------	---------------------	---------------------	-------------------

A 31/12/2017 as cotas de seguridade social do mes de decembro están pendentes de pagamento

CAPÍTULO 2. CONCEPTOS INCLUIDOS NA NÓMINA

Asistencias concelleiros a Plenos, Xuntas de Goberno e Comisións (912. 23300):

NÓMINAS MES:	OBRIGAS RECOÑEC.	PAGOS REALIZADOS	
Xaneiro 2017	4.430,00	4.430,00	Asistencias decembro 2016
Febreiro 2017	2.140,00	2.140,00	Asistencias xaneiro
Marzo 2017	3.420,00	3.420,00	Asistencias febreiro
Abril 2017	3.670,00	3.670,00	Asistencias marzo
Maio 2017	3.730,00	3.730,00	Asistencias abril
Xuño 2017	1.940,00	1.940,00	Asistencias maio
Xullo 2017	3.830,00	3.830,00	Asistencias xuño
Agosto 2017	1.930,00	1.930,00	Asistencias xullo
Setembro 2017	2.180,00	2.180,00	Asistencias agosto
Outubro 2017	1.820,00	1.820,00	Asistencias setembro
Novembro 2017	2.040,00	2.040,00	Asistencias outubro
Decembro 2017	3.670,00	3.670,00	Asistencias novembro
Total	34.800,00	34.800,00	

Asistencias Tribunais (dietas/km) (920. 23):

NÓMINAS MES:	OBRIGAS RECOÑEC.	PAGOS REALIZADOS
Abril 2017	5.685,28	5.685,28
Xuño 2017	3.158,50	3.158,50
Xullo 2017	2.282,58	2.282,58
Setembro 2017	159,12	159,12
Novembro 2017	4.208,58	4.208,58
Total	15.494,06	15.494,06

Indemnizacións ao persoal por razóns do servizo (dietas/km):

NÓMINAS MES:	OBRIGAS RECOÑEC.	PAGOS REALIZADOS
--------------	------------------	------------------

Decembro 2017	3.298,37	3.298,37
Total	3.298,37	3.298,37

TOTAL CAPÍT. 2	53.592,43	53.592,43
-----------------------	------------------	------------------

3.1.2.-Orzamento de Ingresos.

A información que se aporta no CD anexo a este informe é presentada a nivel de subconcepto, indicándose para cada un de eles a súa previsión inicial, as modificacións tramitadas, previsión definitiva, os dereitos recoñecidos brutos, os anulados, as devolucións, os dereitos recoñecidos netos e, por último, os cobros. De modo similar ao que sucede no caso dos gastos, se engade tamén una comparativa entre os dereitos recoñecidos e as previsións definitivas, da que se obtén o importe pendente de cobro.

- Incidencias a destacar na contabilización dos ingresos.

1. Á data de emisión do presente informe están contabilizadas as entregas a conta efectuadas pola Deputación da Coruña que se corresponden con ingresos por impostos directos (Capítulo 1), sen embargo o ingreso correspondente á liquidación definitiva da recadación do exercicio 2016 está pendente de contabilización; a Deputación ten realizado parte do envío da información; estase realizando o traballo previo, necesario de depuración da información, para unha correcta contabilización.

2. A execución de algúns subconceptos (dereitos recoñecidos) pode reflectir signo negativo, é consecuencia de que con cargo a estes subconceptos se contabilizasen devolucións de ingreso, mentres que os dereitos inherentes ás liquidacións que teñen lugar ó longo do período aínda non foron rexistradas.

3.2.- INFORMACIÓN RELATIVA AO CUMPLIMENTO DE PRAZOS NA EXECUCIÓN DE PAGOS.

Primeiro.- De acordo co previsto no artigo 4.3. da Lei 15/2010 os Tesoureiros o, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesa Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo.

Segundo.- Debe advertirse que de conformidade co artigo terceiro, apartado tres, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas será dentro dos trinta días seguintes á data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sendo este prazo de trinta días dende o 1 de xaneiro de 2013. Faise constar que, de conformidade coa interpretación da Xunta consultiva de contratación, o inicio do prazo é a data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato sempre que o contratista tivera expedido e entregado a factura antes do acto formal de recepción de conformidade, en caso contrario iníciase a partir da data de recepción de dita factura. Por esta razón, salvo que no expediente de contratación conste outra data da que poida ter coñecemento esta tesourería ou intervención, tómase coma data de referencia para calcular a morosidade a data de rexistro da correspondente factura no rexistro ao que se refire o artigo 5 da Lei 15/2010. Esta interpretación se incorpora pola disposición final sexta do Real Decreto- lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, indicando que o prazo de morosidade que establece que o cómputo iníciase dende a data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato de bens entregados ou servizos prestados. Na actualidade, os datos que constan no rexistro de factura non engaden a data de conformidade, tomando para o cálculo a de presentación de factura no rexistro do concello. Esta incidencia debe terse en conta á hora de analizar os datos que se informan co presente.

Estase á espera da implantación dun novo aplicativo de administración electrónica, para establecer un procedemento que permita o rexistro automático da data de conformidade.

Terceiro.- Baixo as premisas anteriores, e consultadas as obrigas pagadas e pendentes de pago na contabilidade municipal á data de 31/12/2017 (incluíndose o día de remate do trimestre), procede a reflectirse os datos solicitados polo Ministerio de Economía e Facenda nos seguintes apartados:

1.- Sendo que de acordo coa guía para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, débese cumprimentar e asinar antes os datos do PMP dese trimestre, comézase ofrecendo esa información. Para o cal tense que calcular dous rateos:

- A) Rateo das operacións pagadas no trimestre, é o indicador do número de días promedio que se ten tardado en realizar os pagos. Trátase dun rateo que se obtén por media ponderada coa seguinte fórmula

$$ROP = \frac{\sum(\text{número de días de pago} * \text{importe da operación pagada})}{\text{Importe total de pagos realizados.}}$$

Atendendo a que os números de días son computados dende os 30 seguintes ao rexistro contable da factura ata a data do pago material por parte da administración.

Tendo en conta o anterior o rateo así calculado ten un valor de 12,65 días, correspondendo a un importe de 1.895.347,74 euros.

- B) Rateo das operacións pendentes de pago ao final do período, é un rateo que indica o número de días promedio de antigüidade das operacións pendentes de pago ao final do trimestre. Trátase dun rateo que se obtén por media ponderada coa seguinte fórmula

$$ROPP = \frac{\sum(\text{número de días pendente de pago} * \text{importe da operación pendente de pago})}{\text{Importe total de pagos pendentes}}$$

Atendendo a que os números de días son computados dende os 30 seguintes ao rexistro contable da factura ata a data do pago material por parte da administración.

Tendo en conta o anterior o rateo así calculado ten un valor de 3,23 días, correspondendo a un importe de 1.618.820,18 euros.

Obtendo un Período Medio de Pago da Entidade de 8,31 días

2.- Pagos realizados no trimestre

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	PMP (días)	En plazo		Fuera de plazo	
		Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe
Gastos en bens correntes e servizos	42,53	1349	1.698.771,28 €	248	294.922,84 €
20. Arrendamentos e cánones	43,61	41	36.315,72 €	6	2.274,80 €
21. Rep Manten. e conservación	47,53	270	172.241,17 €	16	13.680,77 €
22. Material, subministro e outros	41,98	1038	1.490.214,39 €	226	278.967,27 €
23. Indemnización por razón de servicio	0,00	0	- €	0	- €
24. Gastos publicacións	0,00	0	- €	0	- €
26. Trab realizados por institucións sen fins de lucro	0,00	0	- €	0	- €
Inversións reais	55,55	37	205.495,98 €	54	111.674,27 €
Outros pagos realizados por operacións comerciais	55,00	1	1.450,00 €	0	- €
Pendientes de aplicar ao orzamento	0,00	0	- €	0	- €
TOTAL	44,32	1387	1.905.717,26 €	302	406.597,11 €

3.- Xuros de demora pagados no trimestre

Xuros de demora pagados no trimestre	Xuros de demora pagados no trimestre	
	nº de pagos	Importe total xuros
Gasto corrente en bens e servizos	0	0,00 €
Inversións reais	0	0,00 €

Outros pagos realizados por operacións comerciais sen desagregar	0	0,00 €
TOTAL	0	0,00 €

4.- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE	PMPP (días)	DENTRO PERIODO LEGAL DE PLAZO AO FINAL DO TRIMESTRE		FORA PERIODO LEGAL DE PLAZO AO FINAL DO TRIMESTRE	
		Nº operacións	Importe	Nº operacións	Importe
Gastos en bens correntes e servizos	37,30	361	659.364,29 €	38	33.928,00 €
20. Arrendamentos e cánones	14,90	15	12.110,76 €	1	34,06 €
21. Rep. Mantén. e conservación	75,61	97	57.183,54 €	3	14.501,28 €
22. Material, subministro e outros	33,25	249	590.069,99 €	34	19.392,66 €
23. Indemnización por razón de servizo	0,00	0	- €	0	- €
24. Gastos publicacións	0,00	0	- €	0	- €
26. Trab realizados por institucións sen fins de lucro	0,00	0	- €	0	- €
Inversións reais	37,89	82	760.926,04 €	22	163.171,60 €
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0,00	0	- €	0	- €
Pendientes de aplicar ao orzamento	1068,22	2	330,60 €	18	8.628,19 €
TOTAL	43,32	445	1.420.620,93 €	78	205.727,79 €

(*) xúntanse ao informe cadros obtidos directamente da aplicación, calquera omisión ou erro na reprodución é involuntario

Estes documentos, normalizados, son obtidos a partir de datos da aplicación informática facilitada a tal efecto pola Deputación Provincial, e conteñen a información que será remitida por vía telemática tanto á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, como ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Locais), en cumprimento dos deberes legais establecidos a este respecto (xúntanse como anexos ao presente).

Na actualidade, debido a súa recente implantación aínda non se coñece o exacto funcionamento da aplicación informática. O uso dunha nova ferramenta para o rexistro da contabilidade supón modificacións que no momento actual é difícil considerar nos xustos termos, ata o de agora tense detectado diferentes cuestións que afectan á información que se ofrece neste informe; así:

- A toma de información de fontes diferentes debido a que a migración non se fai con datos históricos de rexistro de facturas, provoca que se tomen datos de desgloses contables de obrigas cando teñen o seu orixe en exercicios anteriores ao 2014. En consecuencia os datos que a aplicación considera para o cálculo do pendente de pago se incrementa con un número importante de facturas respecto as consideradas en períodos anteriores. Optouse por desbotalas para o cálculo dos rateos e da información a enviar ao Ministerio a espera dun análise exhaustivo que permita determinar se procede a súa inclusión por tratarse de obrigas pendentes de pago, pendentes de contabilizar o pago extraorxamentario ou de anular por trátase de erros contables. Sen prexuízo disto se indica que se trata de 89 facturas que ascenden a 33548,56 € emitidas por diversos provedores.

Xúntase ao presente informe un CD comprensivo, no que interesa a este apartado, da seguinte información:

Nome do arquivo: "Lei 15-2010 trimestre 4 -2017"

Documento	Información.
I.- Pagos Realizados no trimestre	Relación de documentos dos que se efectuou o pago no período de referencia e considéranse a efectos dos cálculos anteriormente indicados.

II.- Pagos Pendentes de Realizar ao final do trimestre

Relación de documentos dos que non se efectuou o pago no período de referencia e considéranse a efectos dos cálculos anteriormente indicados.

Publicidade desta información.

O Pleno, no prazo de 15 días contados dende o día da sesión na que teña coñecemento da citada información, deberá publicar un informe agregado da relación de facturas e documentos que lle foron presentados, agrupándoos segundo o seu estado de tramitación.

A xuízo dos asinantes do presente, tal información debería ser obxecto de publicación na páxina web municipal, sen prexuízo do uso adicional de outros medios para a súa difusión, se así se estima oportuno.

Ames, 22 de xaneiro de 2018

A Interventora

Margarita Fernández Sobrino

A tesoureira

M^a Belén Rodríguez Tourón

1 Agrupación "exercicio corrente".

2 Artigo 207 del TRLRFL; regra 105 de la IMNCL, acordo plenario de 26/08/2010

3 Os estados contables non mostran as porcentaxes ás que se refire a regra 106.2 del OMNCL, ao non ser ofrecida esta información pola aplicación informática empregado para o rexistro da contabilidade.